



# Manexo básico e uso como pantalla duplicada



# ACENDIDO E APAGADO DO PANEL DIXITAL INTERACTIVO


O panel **acéndese automaticamente** ao acender o ordenador. Unha vez acendido, unha pulsación curta no botón de acendido que se atopa na parte frontal do dispositivo (esquina inferior dereita) pasará o panel a modo Standby. Unha nova pulsación no botón devolverá o panel inmediatamente ao modo de funcionamento normal.

O panel **apágase automaticamente** cando apagamos o ordenador. Queda sen sinal e aos 5 minutos se apaga.

Para o **apagado manual** do panel será preciso **manter pulsado o botón de acendido e apagado do panel uns poucos segundos**, tras os cales o panel solicitará confirmación para o apagado.

## O botón de acendido e apagado

- Acendido : luz branca
- Stand-by: alternancia de luz laranxa e branca
- Apagado: sen luz




**INTERNET na aula vai a través do panel. Ten que estar o monitor acendido ou en stand-by**

Coordinación TIC  
EOI da Coruña - 2024


**IMPORTANTE**

# USO DO PANEL CO ORDENADOR DA AULA (HDMI1)

**Para ver duplicada a imaxe do ordenador do profe o panel ten que estar en HDMI1**



**Olo!** Se non se visualizase duplicada a pantalla do ordenador do profesor, comprobade no **Menu** que atoparedes premendo nunha das pestanas laterais.



**Menu (Menú):** Amosa todas as fontes de entrada (Android, OPS, HDMI, VGA...) así como axustes de audio do panel (volume), e visualización de pantalla (brillo). **Ten que estar en HDMI1** para ver o que se visualiza no ordenador da aula.

## O LÁPIS DIXITAL E O TECLADO INALÁMBRICO

O **lápiz dixital** debe quedar nunha das dúas **zonas magnéticas do panel** (na parte inferior do frontal do panel). Estas zonas están marcadas cunha especie de corchetes.



Prégase deixar o **teclado inalámbrico dentro dos cofres**. É moi fácil que os leven nun descoido.



## UTILIDADES (FERRAMENTAS PEQUENAS)

Aos dous lados do monitor hai unha pestaniña na que podemos despregar as utilidades ou ferramentas pequenas do panel dixital.

### pestanas laterais



**Configuración común**

**Marcar**

**Temporizador**

**Máis**




A barra de ferramentas pequenas está configurada para amosar unhas poucas utilidades e máis a icona More (Máis) que da acceso ao resto.




**Configuración común:** Amonsa todas as fontes de entrada (Android, OPS, HDMI, VGA...) así como axustes de audio (volume), e visualización de pantalla (brillo). **Ten que estar en HDMI1** para ver o que se visualiza no ordenador da aula.


Aquí se atopan tamén os **axustes de volumen e brillo do panel.**



**Marcar:** Permite debuxar directamente na pantalla co lápiz ou co dedo), tomar notas sobre o contido visualizado e incluso compartir o contido mediante un código QR ou gardalo na nube.




**Temporizador:** Conta cara atrás (descendente) dun intervalo de tempo especificado





**Máis ferramentas:** Amosa todas as ferramentas incluídas no sistema operativo do panel.




**Recortar:** Permite realizar capturas de pantalla con opción de selección en modo libre, pantalla completa ou unha determinada ventana. Ofrece a posibilidade de almacenamento directo ou inserción no software de pizarra para a súa edición. No caso de almacenamento a imaxe gárdase nun cartafol coa data da imaxe tomada na ruta: /Notes/Mark



**Cronómetro:** Conta desde cero (ascendente) para medir o tempo transcorrido



**AirClass:** Permite que o profesorado invite ao alumnado a unirse a unha dirección web con diversas posibilidades de votación, enquisa, selección, mensaxería e outras actividades. É importante suññar que en ningún caso é preciso introducir información de carácter persoal que poda infrinxir a Lei de Protección de Datos. (Pagar=Aceptar: non implica facer ningún pago).



**Destacar:** Permite centrar a atención en zonas concretas da pantalla, coa opción de axustar a opacidade.



**Rexistro:** Permite a grabación de pantalla con son. Para a recollida do son é preciso ter a webcam conectada, xa que emprega o micro da cámara. A imaxe almacénase co nome de ficheiro "Data\_hora.mp4" na ruta: /Record





**Conxelar:** Permite conxelar a imaxe actual con posibilidade de zoom. Podemos seguir traballando no PC do profe mentras os alumnos ven esa imaxen conxelada.



**PIP:** Permite visualizar simultaneamente máis dunha fonte de entrada na pantalla do panel. NON A CAMBIEDES porque para o uso que lle damos habitualmente soamente necesitamos a fonte de entrada do ordenador da aula (HDMI1).




**Pantalla dividida:** permite amosar dúas aplicacións distintas no modo pantalla dividida. **Solo funciona no modo Android.**



**Bloqueo de pantalla:** Permite o bloqueo da pantalla e o seu desbloqueo mediante a introdución dun contrasinal configurado en Axustes. NON PRECISAMOS ESTA UTILIDADE. Está pensada para que o alumnado non fedelle no panel.

## TECLADO EN PANTALLA DE WINDOWS



Facendo clic na icona que está no borde inferior do monitor podemos abrir o teclado en pantalla de Windows.

